



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN PARA A DOCUMENTACIÓN E VALORIZACIÓN PATRIMONIAL DO CASTRO E MOSTEIRO DE CÁLAGO (VILANOVA DE AROUSA, PONTEVEDRA).

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización dos traballos de actuación arqueolóxica para a documentación e valorización patrimonial do castro e mosteiro de Cálago (Vilanova de Arousa, Pontevedra).

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Fomentar o seu coñecemento e avaliar a súa potencialidade arqueolóxica con vistas á súa futura posta en valor e así contribuír ao coñecemento e difusión do patrimonio arqueolóxico de Vilanova de Arousa.

Os traballos consistirán na realización de sondaxes arqueolóxicas para a documentación e valorización patrimonial do castro e mosteiro de Cálago, traballos de tapado e cubrición das sondaxes realizadas e actuacións de difusión das actuacións realizadas.

Nos principios aos que se axustan as relacións entre as administracións públicas galegas, establecidos na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como no disposto na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que encomenda aos concellos a obriga de protexer, defender, realizar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural que radique no seu ámbito territorial.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, xa que o xacemento arqueolóxico atópase incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural dado que forma parte do catálogo de bens culturais das Normas subsidiarias de planeamento do concello de Vilanova de Arousa aprobadas no ano 1997 (BOP 05/05/1997). Ademais aparece no inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural coa clave GA36031007, razón pola que está incluído na proposta de actuacións que a consellería pretende desenvolver no patrimonio arqueolóxico de Galicia, en colaboración cos concellos, elaborada pola





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Por todo o anterior, é o concello de Vilanova de Arousa o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

